

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Xunta de Goberno Local do Concello de Carballo, en Sesión Ordinaria do luns 27 de agosto de 2018, aprobou o seguinte ACORDO:

5.- Subvencións. Concesións.

5.1- Subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2018.

Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do luns 7 de maio de 2018 foron aprobadas as "Bases xerais e específicas da convocatoria de subvencións en materia de deporte dirixidas a entidades deportivas durante o ano 2018 do Concello de Carballo".

Na mesma sesión foron aprobadas as "Bases específicas da Convocatoria do programa de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2018".

Posteriormente publicáronse no Bop da provincia de A Coruña nº 95, de 22 de maio de 2018, e no Bop da provincia de A Coruña nº 103, de 1 de xuño o correspondente extracto, relativo á Base Nacional de Datos de Subvencións.

De acordo coa base 9 das Bases reguladoras Xerais, por decreto de alcaldía 1870/2018 do 20 de xullo, designáronse os membros da Comisión Avaliadora, que celebrou a súa xuntanza o día 23 de xullo de 2018, e fomulou proposta de resolución provisional.

Vista a acta da xuntanza e a proposta de resolución provisional, a Alcaldía resolveu por decreto nº 1950/2018 de data 30/07/2018, entre outras, conceder provisionalmente as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2018, e Ordear a publicación desta resolución no taboleiro de anuncios do concello de Carballo e na páxina web municipal <http://carballo.gal/deporte/portada.php> e abrir un prazo de 10 días hábiles para que as entidades solicitantes comuniquen, ben o desestimento da solicitude, a reformulación ou o cambio de obxecto, ben para, de o estimar oportuno, presentaren alegacións.

Transcorrido o prazo non se recibiron alegacións.

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Deportes e Cultura do 21/08/2018, no expte. 2018/G006/000422, en uso das competencias delegadas por resolución de alcaldía 1938/2015 do 16 xuño, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes (5), acorda:

Primeiro.- Conceder as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2018 ás entidades que se relaciona no anexo 1, polos importes que se indican, con cargo á aplicación 3410/48900 "Subvencións fomento deporte non nominativas" do Orzamento Municipal en vigor. (RC222018000951), sendo o importe total proposto de 6.300,00 €, estando previstos inicialmente 10.000,00 €.

Segundo.- Ordear a notificación ós interesados propostos como beneficiarios na forma prevista na Lei39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, para que no prazo de dez días comuniquen a aceptación ó Servizo de Fomento e Programas Deportivos, advertindo de que transcorrido o prazo sen terse producido a aceptación expresa, a subvención entenderase tácitamente aceptada.

Terceiro.- Ordear a publicación desta resolución no taboleiro de anuncios do concello de Carballo e na páxina web municipal <http://carballo.org/deporte/portada.php>.

Cuarto.- No cumprimento do disposto no artigo 18.2 da Ley 38/2003, general de subvenciones, e demais normativa de desenvolvemento, o Concello de Carballo remitirá a Base de Datos Nacional de Subvenciones información sobre a concesión desta subvención ós respectivos beneficiarios.

Anexo 1.- Subvencións concedidas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2018.

Entidade Solicitante	CIF/NIF	Obxecto	Puntos	Importe Outorgado	Orzamento Subvencionado a Xustificar
Agrupación Deportiva Fogar	G15160773	Campionatos de España de Triatlón	70,00	1.000,00 €	2.500,00 €
Agrupación Deportiva Fogar	G15160773	Campionatos de España de Natación	51,25	800,00 €	2.000,00 €
Bergantiños F.C.	G15116775	Fase de Ascenso a 2ªB	87,08	2.500,00 €	5.829,20 €
Escolas Balonmán Xiria	G70046362	Fase de Ascenso División de Honra Prata	67,92	2.000,00 €	3.566,50 €